

Home > PERO GARCIA BURGALES > EDIZIONE > De quantos mui coitados son > Edizioni > Marcenaro

Marcenaro

De quantos mui coitados son,
a que Deus coita faz aver,
min faz máis coitado viver,
e direivos per qual razon:
fazme querer ben tal sennor,
a máis fremosa nen mellor
do mund' , e non mi a faz veer.

5

E dame tal coita que non
sei de min consello prender,
e fezme ja pavor perder
de mia mort', á i gran sazón,
ond' ant' avia gran pavor:
¡veed' ora se á maior
coita no mundo de sofrer!

10

E nunca me Deus quis guisar,
en quanto cuidado prendi,
u cuidei al, en cuidar i
en como podess' acabar
do que querria nulla ren:
mais cuid' en quanto mal mi ven,
cativ' , ¡e mal dia naci!

15

20

E quant' og' est' , a meu cuidar,
ben per sei eu ca non á i
coita maior, das que a mí
faz mia mort' ora desejar;
pero non querria por én
morrer, se coidasse aver ben
da que por meu mal dia vi.

25

- letto 511 volte